

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos”.

Santiago de Compostela, 23 xuño de 2017

COMPARECEN

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural (en adiante, a Consellería), e no seu nome e representación, Ánxeles Vázquez Mejuto, Conselleira do Medio Rural, segundo nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, AGADER), e no seu nome e representación, Ánxeles Vázquez Mejuto, presidenta de Agader, conforme ao previsto no artigo 8º do Decreto 79/2011, do 6 de abril, polo que se aproba o regulamento de Agader, e

Doutra parte, a Fundación Juana de Vega (en adiante, a Fundación), e no seu nome e representación D. Enrique Saéz Ponte, Presidente da Fundación Juana de Vega, segundo nomeamento efectuado pola Xunta de Padroado o trece de xuño de 2003, debidamente inscrito no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia con data 1 de xullo do mesmo ano. A Fundación está clasificada como de beneficencia particular docente por Real Orde do “Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes”, do 30 de xuño de 1925, inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, co nº 58, con CIF G-15050602 e domicilio en Rúa Salvador Allende, nº 92, 15176 San Pedro de Nós – Oleiros.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Consellería do Medio Rural, en virtude do Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, engloba, entre outros centros directivos, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e ten adscrito o ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

SEGUNDO.- Que á Consellería do Medio Rural correspóndenlle, por medio da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, entre outras funcións, a elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural, mobilidade de terras con vocación agraria e xestión de zonas regables, todo iso sen prexuízo das funcións atribuídas pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

TERCEIRO.- Que AGADER é un ente de dereito público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia. Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e as condicións de vida dos habitantes do medio rural, e contribuír á cohesión do territorio galego. A axencia é a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, que ten como fins últimos contribuír á organización e xestión sostible da terra e do territorio galego, impulsando a mobilidade de terras e a valorización produtiva das terras agrarias, ao tempo que se promoven os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais.

CUARTO.- Que a Fundación ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana, e á mellora da súa base económica así como das actividades con ela relacionadas.

QUINTO.- Que AGADER e a Fundación Juana de Vega veñen colaborando desde hai varios anos no estudo da problemática da mobilidade de terras en Galicia. Concretamente desenvolveron de maneira conxunta en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, durante o bienio 2013 e 2014, o proxecto “Propiedade, Mobilidade de Terras e Valorización Territorial”. Entre os propósitos principais deste proxecto estaba o de deseñar un protocolo



institucional, técnico e tecnolóxico para a mellora da caracterización e comprensión da mobilidade de terras en Galicia, co obxecto de analizar e comprender os mercados de terras, os efectos que teñen na mobilización produtiva da terra agrícola e, a través dela, incidir na flexibilidade e eficacia da produción primaria. Unha das derivadas deste proxecto foi o establecemento no ano 2016 dunha fórmula para a análise de información sobre a mobilidade e o mercado da propiedade rústica en Galicia, a modo de Observatorio da Mobilidade de Terras de Galicia, en virtude de convenio suscrito o día 29 de decembro do 2016 entre as citadas entidades coa Consellería de do Medio Rural, a Axencia Tributaria de Galicia, o FOGGA e o Instituto de Estudos do Territorio.

SEXTO.- Que a Fundación Juana de Vega ven desenvolvendo desde o ano 2015 cos seus propios recursos o proxecto “*Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos*”. Trátase dun proxecto de carácter piloto, que se desenvolve no Val de Lemos (Monforte de Lemos, Lugo) polas súas especiais características en canto a produtividade agraria e o grado de abandono das terras, e ten por obxectivo lograr a mobilización efectiva de terras agrarias para a súa posta en produción, tanto para potenciais demandantes locais como doutras zonas de Galicia. Para acadar estes obxectivos o proxecto formulouse en catro fases (Fase 1: Selección e caracterización de zonas piloto potenciais; Fase 2: Identificación e caracterización da demanda efectiva; Fase 3: Deseño preliminar do protocolo de estímulo da oferta potencial; Fase 4: Execución do protocolo de cooperación e mobilización da oferta). Na actualidade están completados os traballos relativos ás fases 1 e 2 e estase traballando na Fase 3 para definir o protocolo/estratexia a seguir para o estímulo da oferta de terras, resultando preciso para continuar con estes traballos a implicación ao máximo nivel da Consellería e de AGADER.

A implicación da Consellería considérase conveniente pola competencia que ten atribuída, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, sobre a elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mobilidade de terras con vocación agraria.

E a implicación de AGADER considérase conveniente en tanto que é a entidade xestora do Banco de Terras de Galicia, que ten como cometidos, en virtude da Lei 6/2011, de mobilidade de terras, dinamizar e mediar entre as persoas propietarias e aquelas que precisan terras, dando garantías, confianza e seguridade na xestión e no uso das fincas. Tamén ten como funcións levar a cabo a depuración física e xurídica da propiedade e procurar o mantemento dos seus valores agrarios e ambientais.

SÉTIMO.- Que a Consellería e mais AGADER teñen interese, en virtude das competencias e atribucións da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e mais do Banco de Terras de Galicia, en sumarse ao proxecto “*Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos*” para contribuír ao desenvolvemento das fases 3 e 4 do mesmo, participando de forma activa na definición do protocolo de estímulo da oferta de terras e na súa execución, xunto coa Fundación Juana de Vega, dotando así de maiores garantías xurídicas o desenvolvemento destas fases e mellorando as posibilidades de éxito do proxecto.

Para formalizar a participación no citado proxecto da Consellería e mais de AGADER, as partes desexan formalizar o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería, AGADER e a Fundación Juana de Vega para a o desenvolvemento das fases 3 e 4 do proxecto “*Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos*”, que se une como anexo a este convenio.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO CONVENIO

O convenio de colaboración iniciarase na data da súa sinatura e estará vixente ata que se completen as fases 3 e 4 obxecto deste convenio, que deben estar rematadas, como máximo, o 31 de decembro de 2018, salvo que sexa resolto de acordo coa Cláusula sétima deste convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DAS PARTES

Ao abeiro deste convenio, levaranse a cabo, a través da Consellería do Medio Rural as seguintes actuacións:

- Asumirá a execución material da Fase 4 do proxecto, que está orientada a lograr a efectiva mobilización das bolsas de terras identificadas nas fases 1 e 2, aplicando o protocolo que se defina na Fase 3.



- Participará na execución material da Fase 4 do proxecto mediante o persoal técnico cualificado da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, baixo a dirección da persoa titular da citada subdirección.
- No caso de ser necesario, poderá contratar os traballos técnicos que sexan precisos para lograr a efectiva mobilización produtiva de terras e en consecuencia acadar o éxito e bo fin da Fase 4, cunha achega máxima de 62.670,53 €, para o que habilitará o correspondente proceso de contratación, de selo caso.

Ao abeiro deste convenio, levaranse a cabo, a través de Agader, as seguintes actuacións:

- Asumirá a execución material da Fase 4 do proxecto, que está orientada a lograr a efectiva mobilización das bolsas de terras identificadas nas fases 1 e 2, aplicando o protocolo que se defina na Fase 3.
- Poñerá a disposición do proxecto o persoal técnico cualificado do Banco de Terras de Galicia, baixo a dirección da persoa responsable da súa xestión.

Ao abeiro deste convenio, levaranse a cabo, a través da Fundación Juana de Vega, a seguinte actuación:

- Execución material da Fase 3 do proxecto serán responsabilidade da Fundación Juana de Vega, que asumirá o custo económico da mesma, que ascende a 8.494,20 € euros.
- Rematadas as fases 1, 2 e 3, poñerá os resultados das mesmas a disposición da Consellería do Medio Rural e de AGADER para o desenvolvemento da Fase 4.

CUARTA.- SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e o cumprimento das actuacións a desenvolver, formarase unha Comisión Mixta paritaria formada por dous representantes de cada entidade.

No caso da Consellería do Medio Rural, serán a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e mais a persoa titular da Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias.

No caso de AGADER serán a persoa titular da Dirección Xeral de AGADER e a persoa responsable da xestión do Banco de Terras de Galicia.

E no caso da Fundación, serán o seu presidente e a persoa que ocupe a dirección da mesma.

Para o seguimento e o cumprimento das actividades a desenvolver, as partes manterán un diálogo constante e poderán reunirse tantas veces como consideren necesarias. Nestas reunións as partes avaliarán o avance e o nivel de cumprimento dos obxectivos do proxecto.

A comisión de Seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que puideran xurdir por mor do convenio.

QUINTA.- CUSTO DAS FASES 3 E 4 DO PROXECTO

A Fundación Juana de Vega achegará o custo da Fase 3 do proxecto “Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos” obxecto deste convenio, que ascende a oito mil catrocentos noventa e catro euros con vinte céntimos (8.494,20 €)

A Consellería achegará o custo máximo da Fase 4 do proxecto obxecto deste convenio, que ascende a sesenta e dous mil seiscentos setenta euros con cincuenta e tres céntimos (62.670,53 €). Esta achega farase con fondos propios e con cargo a aplicación orzamentaria 13.04.551A.604.1, de acordo co seguinte reparto de anualidades:

ANUALIDADE	2017	2018	TOTAL
Consellería do Medio Rural	17.905,86 €	44.764,67 €	62.670,53 €

Estas achegas van destinadas á consecución dos obxectivos fixados, segundo exposto no Anexo Técnico.

SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E DOS RESULTADOS

Toda a información necesaria para a realización dos traballos subministrada por calquera das partes a outra delas manterase en confidencialidade, e evitarase a súa revelación a calquera a excepción daqueles empregados autorizados. En calquera caso, previamente, conseguirase de ditos empregados un compromiso co fin de manter o segredo e exercer todos os esforzos razoables para reforzar tal



compromiso. A información subministrada utilizarase exclusivamente para as tarefas previstas no marco do traballo definido no presente convenio.

O parágrafo anterior non se aplicará para aquela información que a parte destinataria coñecese antes de serlle revelada pola outra parte, que é, ou se fai, de dominio público sen que exista incumprimento do presente convenio pola parte destinataria, que fose revelada á parte destinataria por un terceiro que non tiña ningún compromiso ou obriga de segredo ou confidencialidade, ou que é ou se fai dispoñible á parte destinataria por observación directa en campo.

A Consellería, AGADER e a Fundación resérvanse o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio.

Calquera que sexa o medio de difusión, tódalas partes comprométense a facer mención expresa do presente convenio.

En calquera caso, a Consellería, AGADER e a Fundación poderán empregar os datos que revele a actividade para a posta en marcha de todos cantos proxectos propios consideren necesario.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por acordo unánime.

Sen prexuízo diso, o incumprimento por algunha das partes de calquera das obrigas contraídas no presente convenio facultará á outra para esixir o cumprimento ou a resolución do convenio, co resarcimento de danos e perdas.

De acordo co disposto no artigo 51.2 c) da Lei 40/2015, calquera das partes poderá notificar á parte non cumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu, notificará ás demais partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supor a indemnización dos prexuízos causados se así se previra.

ANEXO

PROXECTO “*Mobilización produtiva de terras no Val de Lemos*”

1. Xustificación e antecedentes

Durante o último medio século a sociedade galega pasou de ser maioritariamente campesiña a estar maioritariamente terciarizada. Dende primeiros dos anos 60 o número de ocupados na agricultura dividiuse por trece, pasando de representar o 60% da poboación activa no 1959 ó 5,4% no 2012, ó tempo que a agricultura galega se acomodou ó paradigma da Revolución Verde cunha forte mecanización¹, intensificación² e especialización gandeira, fundamentalmente de vacún de leite e carne³. Nese contexto, foron moitas as explotacións familiares que pecharon (e continúan pechando), mentres que o núcleo de explotacións altamente especializadas conseguiron aumentar a produción final agregada. Non obstante, o proceso modernizador que permitiu multiplicar por tres a produción final agraria (PFA) levou aparellado a perda de practicamente a metade⁴ da superficie agrícola xestionada, fundamentalmente pastos, aínda tendo en conta a forte especialización na gandería de ruminantes. Ese é un dos motivos polos que o valor engadido bruto (VEB) da agricultura galega tan só se duplicou⁵ (é dicir, medrou moito menos que a PFA). Así, conviviron especialización e intensificación por unha banda e o abandono dun factor produtivo básico como a terra por outra, e en grande parte en ámbitos xeográficos diferentes. É dicir, ambos procesos tiveron lugar fundamentalmente en áreas distintas da comunidade autónoma. Como resultado, ambas situacións xeran problemas ambientais e sociais en parte do territorio porque ninguén xestiona grandes áreas anteriormente cultivadas, mentres que existen explotacións que demandan terra para incrementar a súa dimensión e manter a competitividade no mercado.

A cuestión recorrente nos últimos anos é como recuperar ou mobilizar produtivamente esas superficies abandonadas.

2. Obxectivos

¹ Dende primeiros dos 60 incorporáronse máis de 150.000 tractores ás explotacións galegas

² Por exemplo, o uso de adubados nitroxenados de síntese pasou de algo máis das 5mil Tm ata máis 23mil Tm

³ Que hoxe representa arredor do 45% da PFA. Cultivos como pataca e cereais, básicos na produción de mediados de século pasado, descenderon máis dun 60%.

⁴ Dende os 60 as explotacións deixaron de cultivar unhas 88.000 ha e de aproveitar unhas 660.000 ha de pastos.

⁵ Por exemplo, Galicia importa anualmente 190 millóns de € en cereais



O obxectivo xeral do proxecto é a mobilización produtiva de terras con potencialidade agrícola, tanto dinamizando a oferta como a demanda, a través da cooperación público-privada.

En concreto, defínense catro obxectivos específicos, que se trasladan a cadansúa fase de traballo:

1. Selección, caracterización e diagnose preliminar de zonas piloto de actuación con boa potencialidade agraria na comarca do Val de Lemos.
2. Identificación de demanda potencial de terras agrarias para as zonas piloto de actuación, tanto a nivel interno como a nivel externo das zonas piloto de actuación.
3. Desenvolvemento dunha estratexia e protocolo de cooperación público-privado para o estímulo da oferta e a dispoñibilización efectiva de terras con aptitude agrícola.
4. Identificación, caracterización e mobilización efectiva da oferta de terras nas zonas piloto de actuación.

3. Fases do traballo e actividades

O proxecto organizarase en catro fases de traballo secuenciais:

3.1 Fase 1: Selección e caracterización de zonas piloto potenciais

Consistirá na selección e caracterización de dúas ou tres zonas piloto nas que razoabelmente se poidan acadar os obxectivos específicos 2, 3 e 4 anteriormente citados.

Comprenderá as seguintes actividades ou sub-fases:

- I. Caracterización dos aproveitamos potenciais e actuais na zona de Val de Lemos e identificación de áreas de actuación potencial
 - i. Delimitación da zona obxecto de estudo dentro da comarca de Val de Lemos
 - ii. Caracterización en gabinete da aptitude agronómica e dos usos e aproveitamentos actuais da zona de estudo.
 - iii. Identificación en gabinete de áreas de actuación potencial de certa extensión (100-200 ha ou incluso máis, de ser o caso) con boa aptitude agronómica e alto grao de abandono.
- II. Caracterización das realidades social e institucional a nivel local:
 - i. Análise do marco institucional e social a nivel local (existencia conflitos,



- tecido asociativo de interese, etc.). Identificaranse e entrevistaranse informantes privilexiados.
- ii. Análise do marco legal sectorial e territorial de referencia (plans de ordenación sectoriais, plans de ordenación municipais, etc.).
- III. Caracterización das estruturas de propiedade:
- i. Análise en gabinete das características xeométricas e físicas da estrutura parcelaria das zonas pre-seleccionadas na actividade. Tamén se identificarán neste apartado os cerramentos, edificacións ou calquera outro elemento que condicione o aproveitamento agrícola, sempre que se aprecie na cartografía utilizada.
 - ii. Tipoloxía de propiedade: Caracterizarase o tipo de propietarios e, especialmente, a presenza de copropiedade, absentismo e predios vacantes, nas zonas pre-seleccionadas na actividade I. A profundidade e calidade da análise efectuada nesta fase dependerá, entre outros factores, da posibilidade de acceder á información catastral protexida.
- IV. Comprobación en campo da caracterización de gabinete das zonas pre-seleccionadas. En especial controlaranse os aproveitamentos actuais e afondarase na avaliación da aptitude produtiva (controlando aspectos tales como posibles afloramentos rochosos, nivel de fertilidade aparente, hidromorfía, entre outras variables).
- V. Diagnose das zonas de actuación potenciais e proposta de selección para execución das actividades de mobilización produtiva (fases II, III e IV)

3.2 Fase 2: Identificación e caracterización da demanda efectiva

Identificación da demanda efectiva e dos seus requirimentos para a posta en produción das zonas seleccionadas. Identificaranse as cooperativas, asociacións de produtores, explotacións agrarias, así como calquera outro axente que se considere interesado na posta en produción das terras das zonas piloto, analizaranse os seus requirimentos e capacidades produtivas. Comprenderá:

- I. Identificación de demandantes potenciais. Inventariaranse as principais cooperativas ou explotacións agrarias para as que se estime demanda potencial de terras, cun radio de acción que inclúa as zonas de actuación potencial. Farase unha preselección de demandantes potenciais a contactar, para analizar a existencia de demanda efectiva. Teranse en conta tanto a demanda interna como a externa á/s zona/s piloto potenciais.
- II. Análise requirimentos e capacidade de mobilización produtiva. Os demandantes efectivos identificados definirán os obxectivos e



- requirimentos produtivos para as terras.
- III. Valoración, coa colaboración dos demandantes efectivos, das áreas identificadas en base ós requirimentos da demanda e re-axuste do perímetro de actuación das áreas de ser necesario.
 - IV. Avaliación das actividades e resultados acadados nesta fase

3.3 Fase 3: Deseño preliminar do protocolo de estímulo da oferta potencial

Deseño preliminar e análise de viabilidade do protocolo de cooperación público-privado para o estímulo da oferta. Incluirá

- I. Revisión e documentación de instrumentos existentes e potenciais (p.e. marco legal)
- II. Consulta informantes privilexiados e axentes principais a involucrar no protocolo. Estímase que se entrevistarán unhas vinte persoas.
- III. Inventario de ferramentas e instrumentos legais e recursos doutro tipo dispoñibles
- IV. Deseño preliminar de protocolo de acción
- V. Análise de viabilidade do protocolo de acción (incluída discusión e negociación cos axentes principais)
- VI. Avaliación das actividades e resultados acadados nesta fase

3.4 Fase 4: Execución do protocolo de cooperación e mobilización da oferta

Execución do protocolo de cooperación para o estímulo da oferta, coa identificación e dinamización dos propietarios nas áreas de actuación.

As actividades a realizar nesta fase son as seguintes:

- I. Plan de comunicación e participación, que incluirá un mapeo e caracterización inicial de axentes. Partirase da información reunida na fase de diagnose institucional.
- II. Elaboración do protocolo de estímulo da oferta efectiva (a partir do preliminar). Dito protocolo contemplará as estratexias diferenciadas de mobilización de terras orientadas á demanda interna e á demanda externa.
- III. Execución do protocolo de estímulo da oferta efectiva
- IV. Identificación e contacto con propietarios (incluído aplicación plan de comunicación e participación)
- V. Clarificación situacións posesorias e asesoramento legal, que poderá incluír abordaxe de predios vacantes, conflitos de lindes, clarificación de lindeiros, etc.
- VI. Apoio á formalización de acordos de cesión (sexa cal sexa o mecanismo seleccionado)

- VII. Avaliación do proxecto e elaboración de manual de directrices
- VIII. Avaliación do proxecto e elaboración dun manual de recomendacións para a posible reprodución do proxecto noutras áreas de interese.

4. Produtos a obter

Os produtos agardados para cada unha das fases son os seguintes:

Fase 1

- ✓ Informe de caracterización e diagnose das zonas potenciais de actuación na comarca de Val de Lemos. Incluirá unha proposta de selección de zonas de actuación.
- ✓ Base de datos SIX coa información gráfica e alfanumérica xerada

Fase 2

- ✓ Informe de caracterización da demanda identificada, incluíndo requerimentos de terras e re-axuste de zonas de actuación potencial
- ✓ Informe de avaliación das actividades realizadas na fase

Fase 3

- ✓ Protocolo preliminar de acción, incluíndo axentes a involucrar e estratexia de actuación
- ✓ Informe de avaliación das actividades realizadas na fase

Fase 4

- ✓ Protocolo de cooperación público-privado para a mobilización produtiva das zonas piloto
- ✓ Informe final dos resultados acadados polo protocolo
- ✓ Informe de avaliación final do proxecto e recomendacións

5. Cronograma

O prazo de execución dos traballos previstos é de 22 meses dende o momento de inicio dos mesmos, según o plan de actividades recollido no seguinte gráfico:

FAS ES	ACTIVIDADES /MESES	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22
		1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22

